



CONSELLOS PARA UN USO SEGURO DE INTERNET

Para evitar riscos e ameazas tales como: roubo de identidade, malware, phishing, sitios webs falsos, estafas en liña, contido inapropiado, acoso en liña, etc. recomendamos seguir as seguintes regras básicas.

01 UTILIZA CONTRASINAIS SEGURAS

Deben ser longas, combinando letras maiúsculas e minúsculas, símbolos e números, evitando obviedades e información persoal.



02 MANTÉN OS TEUS DISPOSITIVOS ACTUALIZADOS

As actualizacións de software e do sistema operativo sempre incorporan melloras de seguridade importantes, protexendo sobre todo pagos e datos confidenciais.

03 EVITA CONECTARTE A REDES WIFI PÚBLICAS

Utiliza unha rede privada virtual (VPN) para manter a túa información segura. No caso de conectarte a unha rede pública evita sempre realizar transaccións nas que se utilicen datos confidenciais.



04 TEN MOITO COIDADADO CON QUEN INTERACTÚAS EN INTERNET

As persoas que coñeces en liña non son sempre de fiar, e de feito incluso poderían non ser reais. Os perfís falsos nas redes sociais son unha forma moi popular dos hackers. Tenta sempre non revelar información persoal.



05 COIDA O QUE PUBLICAS E ONDE

Os comentarios ou imaxes que publicas poden permanecer en internet para sempre, xa que non hai forma de retractarse de comentarios que non desexarías ter feito ou eliminar imaxes que teñas publicado.



06 USA UN ANTIVIRUS E FAI COPIAS DE SEGURIDADE

O antivirus pode protexer os teus dispositivos contra virus e amenazas en liña, polo que debes mantelo sempre actualizado.

Realiza tamén con frecuencia copias de seguridade dos teus arquivos nun disco duro externo.



07 IDENTIFICA OS CORREOS OU MENSAXES FRAUDULENTOS

Evita abrir correos dos que dubides, facer clic en enlaces sospeitosos ou descargar arquivos descoñecidos.


08 COMPROBA QUE OS SITIOS WEB SON CONFIABLES

Revisa sempre os enlaces e verifica que a páxina web na que vas a entrar é a correcta. Por exemplo, presta atención á URL e fíxate que empece por "https" (a "s" significa seguro).



09 EXTREMA AS PRECAUCIÓNS NAS COMPRAS ONLINE

Verifica que a pasarela de pago da banca dixital sexa lexítima. Ademais sempre é moi recomendable contratar una tarxeta exclusivamente para as compras online, ou ben crear unha tarxeta virtual cade vez que vaias realizar un pago.



10 COIDA O USO EDUCATIVO DO MATERIAL DIXITAL

Recorda que os dispositivos do instituto son para uso educativo. Non debes entrar en xogos online nin en aplicacións que non indique o profesorado.

Emprega o ordenador con responsabilidade e dalle o uso apropiado.

